



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO de DECORACIÓN DE NADAL “FAGAMOS QUE ORDES BRILLE”

#### 1. Obxecto.

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do Concurso de Decoración de Nadal “**Fagamos que Ordes brille**”.

#### 2. Participantes.

Poderán participar no concurso todas aqueles veciños de Ordes, residentes no termo municipal, realizando unha montaxe decorativa no seu balcón, ventá, porta, fachada exterior ou xardín.

A temática deberá ter relación coas festividades do Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os participantes plena liberdade en canto a técnica e o estilo.

Os participantes ceden os dereitos de imaxe da súa decoración ao Concello de Ordes.

#### 3. Materiais.

Poderanse utilizar todo tipo de materiais que os participantes consideren oportunos, sendo especialmente valorados aqueles que sexan reciclados, naturais ou non contaminantes.

#### 4. Inscricións.

Aquelas persoas que desexen participar no concurso, deberán formalizar a súa inscrpción entre os días 4 e 11 de decembro do 2020 entregando o formulario adxunto no Departamento de Cultura do Concello de Ordes, ou no seu defecto no Rexistro físico ou electrónico do Concello de Ordes.

As solicitudes de inscrpción estarán á disposición dos interesados no Departamento de Cultura do Concello, así como na páxina web do mesmo ([www.ordes.gal](http://www.ordes.gal)). Estas deberán estar debidamente cubertas, asinadas e acompañadas de fotografías da montaxe para poder ser valoradas polo xurado.

#### 5. Condicións da participación.

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos será realizada por cada participante. Os participantes comprométense a que os elementos decorativos permanecerán expostos ata o 6 de xaneiro de 2021.

(No caso de que algún participante premiado incumprise esta condición, o Concello poderá reclamar a devolución do importe do premio).

Na montaxe ou decoración exposta deberá constar o nome do concurso de maneira visible.

#### 6. Xurado.

O xurado estará composto por:

- Abel Blanco Viqueira (Concelleiro Delegado de Cultura, Mocidade e Voluntariado do Concello de Ordes).



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Fátima Rodríguez Liste (Técnica de Educación e Xuventude do Concello de Ordes)
- Marcos Gándara Costa (Técnico de Cultura do Concello de Ordes).

O xurado ditará o seu fallo trala visualización das fotografías presentadas, se ben, poderá decidir visitar "in situ" as montaxes que considere oportunas.

### **7. Valoración.**

Para a valoración das diferentes montaxes, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Iluminación.
- d) Relación co entorno local.
- e) Cantidad e tipoloxía dos materiais reciclables utilizados.

Cada membro do xurado puntuará cada montaxe de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos dará lugar aos gañadores do concurso.

Contra o fallo do xurado non caberá recurso ou apelación. Se así o considera, o xurado terá a competencia de declarar desertos os premios.

### **8. Premios e entrega.**

| PREMIO    | IMPORTE                                      |
|-----------|--|
| 1º premio | 300 € en establecementos comerciais de Ordes |
| 2º premio | 200 € en establecementos comerciais de Ordes |
| 3º premio | 100 € en establecementos comerciais de Ordes |

Estes premios estarán suxeitos á lexislación vixente, así como as deducións e retencíons que a normativa fiscal sinale en cada momento.


A decisión do xurado darase a coñecer o día 18 de decembro de 2020 indicando os detalles da entrega de premios aos gañadores.

### **9. Disposición final.**

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

Ordes, 19 de novembro de 2020

A Alcaldesa en funcións  
(Decreto delegación competencias, de data 11/11/2020)  
Resolución nº 805/2020

  
Ana María Soneira Liñares